

Nome _____


Data _____

O sistema linfático

Ademais do sanguíneo, existe outro sistema circulatorio secundario no organismo. A diferenza do primeiro, non é un circuíto pechado e o fluído que transporta diríxese nunha única dirección cara ao corazón. Este fluído chámase linfa, é abrancazado e contén só glóbulos brancos e substancias disoltas nel.

A función principal do sistema linfático é eliminar o exceso de líquido dos tecidos e tamén intervén no sistema de defensa fronte a infeccións. Os ganglios linfáticos son unhas estruturas globulares que están conectadas aos vasos linfáticos e forman parte, así mesmo, dese sistema defensivo.

As amígdalas son un tipo de ganglios que están situadas na farinxe; ás veces inflámanse e é necesario operalas.




sistema linfático

ganglio
linfático

linfocito

1 Escribe o nome dos compoñentes fundamentais do sistema linfático.

ganglios linfáticos – vasos linfáticos

**2 Completa as seguintes frases.**

- Os condutos polos que circula a linfa chámanse vasos _____.
- O sistema linfático non é un circuíto _____.
- O sistema linfático encárgase de eliminar o exceso de _____ dos tecidos.
- O sistema linfático intervén no sistema de _____ fronte a infeccións.
- As _____ son uns ganglios linfáticos situados na _____.

3 Cales son as dúas principais diferenzas entre o sangue e a linfa?

4 As seguintes afirmacións poden relacionarse co sistema circulatorio sanguíneo ou co linfático. Escribe a letra de cada unha na súa columna correspondente.

- A. Ten vasos linfáticos.
- B. Ten vasos sanguíneos.
- C. O líquido circula desde os tecidos ao corazón e viceversa.
- D. Conduce o sangue.
- E. É un líquido vermello.
- F. Conduce a linfa.
- G. É un líquido abrancazado.
- H. O líquido unicamente circula dos tecidos ao corazón.

Sistema circulatorio sanguíneo

Sistema circulatorio linfático

5 Completa o encrucillado.

Horizontais. 1. Tipo de glóbulo unicamente presente no sistema linfático. 2: Órgano que impulsa o sangue e ao que chegan os vasos linfáticos. 3: Líquido contido nos vasos linfáticos. 4: Estrutura globular do sistema linfático.

Vertical. A. Lugar do corpo en que se encontran as amígdalas.

